

A XUNTA DESTACA A COLABORACIÓN ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS COMO CLAVE PARA ACADAR ACTUACIÓNS QUE REDUNDAN NO BENESTAR CIDADÁN

- *Alfonso Rueda visitou o concello de Boiro, onde puido comprobar as actuacións levadas a cabo grazas a axudas da Xunta de Galicia*
- *O goberno galego destinou este ano máis de 5 millóns de euros na ordes de subvencións de Infraestruturas de uso público*

Boiro (A Coruña), 31 de outubro de 2016.- O vicepresidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, destacou hoxe a importancia da cooperación entre as distintas administracións, tanto entre os propios concellos como entre o Goberno galego e os distintos municipios, para facer realidade actuacións que redundan directamente no benestar dos cidadáns.

Alfonso Rueda realizou hoxe unha visita ao concello de Boiro, onde puido comprobar, xunto co alcalde Juan José Dieste, as actuacións levadas a cabo grazas a axudas da Xunta de Galicia, que acadaron os 55.000 euros este ano. En concreto, o vicepresidente supervisou o resultado das obras acometidas no polideportivo de Praia Xardín, onde se investiron 26.500 euros ao abeiro da Orde de Infraestruturas de uso público.

Pero tamén o Fondo de Compensación Ambiental está a mellorar os servizos que ofrecen os concellos, que desde 2010 se benefician das explotacións eólicas. Estas axudas repercuten na mellora do medio ambiente, das facendas locais e beneficia aos veciños, como é o caso de Boiro, onde se melloraron os puntos de reciclaxe en Abanqueiro.

Por último, cómpre subliñar que Boiro é un dos trinta concellos beneficiados das axudas da Xunta para reparar os danos dos temporais do pasado inverno. Rueda destacou o esforzo realizado polo Goberno galego, que desde un primeiro momento colaborou cos concellos, tanto para minimizar os danos como para reparalos. Así, a Xunta dispuxo preto de 25.200 euros nun convenio co concello de Boiro para que o municipio puidese facer fronte a esta situación sobrevida.

Orde de infraestruturas de uso público

O Goberno galego destina este ano un total de 5,3 millóns de euros este ano para 172 proxectos subvencionados, que teñen como destino a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, entre os que se atopan proxectos para instalación, ampliación ou mellora das redes de alumeadado público; pavimentación de vías públicas municipais; construción, mellora ampliación ou rehabilitación de espazos públicos, coma prazas, paseos, rúas, parques públicos e parques infantís; construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos básicos e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias; e construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta continúa a desenvolver medidas para potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, converténdooos en motores do desenvolvemento económico rexional, co obxectivo último de garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio, de tal xeito que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia.

Para a execución destes proxectos contouse co cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), a través dos fondos incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. As axudas económicas concedidas financian o 80% do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais de concellos e 50.000 euros para as solicitudes formuladas conxuntamente por varios concellos e para as presentadas por concellos resultantes dun proceso de fusión municipal constituída nos últimos 5 anos.

SAÚDOS.

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA